

Materials didácticos do Itinerario Formativo
O Medio Ambiente coma Fonte de Emprego



Esta publicación está impresa en papel reciclado

Esta publicación foi elaborada por
ADEGA - Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza

Textos

María García Gómez e Branca Villares Naveira (ADEGA)

Fotos

Ramsés Pérez (ADEGA), Nunca Máis Carnota e S.O.S. Courel

En colaboración con

SGI - Servizo Galego de Igualdade

Deseño e maquetación

magenta

Imprime

Grafinova

ADEGA autoriza expresamente a reprodución total ou parcial desta publicación, sempre que se faga un uso respectuoso dela e se citen as fontes.

D.L.

Financia



Índice

Introdución Esta guía	05
Módulo1 Muller, medio ambiente, emprego. 45 profesións destinadas a defender o medio ambiente	07
Módulo2 Cando as árbores non deixan ver o bosque	19
Módulo3 Sacarlle partido ao noso patrimonio: Educación e Interpretación Ambiental	29
Módulo4 Unha agricultura saudable	37
Módulo5 Poñémonos en marcha. Navegando na internet	47

introducción

Esta guía

Estes materiais didácticos xorden da experiencia do itinerario formativo "**O Medio Ambiente coma Fonte de Emprego**", organizado por ADEGA e o Servizo Galego de Igualdade no marco do programa *ARCO-Accións para o Reforzamento da Conciliación*. Os cursos celebráronse nos concellos de Vilagarcía, Cangas, Oza dos Ríos e O Carballiño entre agosto e novembro de 2007 e participaron unhas 70 mulleres de entre 20 e 70 anos.

Aínda que a temática dos cursos resulta de interese para homes e mulleres, preferimos dedicar ás mulleres unha atención preferencial pola situación de desigualdade que aínda están a padecer na actualidade, principalmente no mundo rural.

Con eles perseguimos ambiciosos **obxectivos**:

> **Quixemos achegarnos dende ADEGA ás mulleres do rural**, recoñecendo o importante papel que desempeñan na evolución do seu entorno e apoiando as súas necesidades de formación e información.


> **Propuxémonos amosarlles as oportunidades que lles ofrece a conservación do medio**, principalmente as oportunidades laborais, desmontando así a teoría do aparente divorcio entre a economía e o ambiente.

> **Procuramos ofrecerlles ás participantes un lugar de encontro, de discusión e de ilusión**, no que as mulleres conversaron sobre a súa realidade e o seu futuro, xurdindo intereses comúns e posibilidades de actuación conxunta.

Ao principio da unidade didáctica faise un breve repaso ao sorprendente abano de profesións relacionadas coa defensa do medio ambiente. Posteriormente, a atención céntrase nalgunhas delas con grande vocación rural.

Os bos resultados anímannos a continuar. No futuro, a ADEGA gustaríalle aumentar contidos incorporando material didáctico que afonde na relación da muller e a ecoloxía, as profesións ambientais e a conciliación do desenvolvemento económico e o coidado do entorno.

Estaremos encantadas de recibir as vosas opinións.



Módulo1

Muller, medio ambiente, emprego
45 profesíóns destinadas a defender o medio ambiente



Muller e medio ambiente

En Galicia, moitas mulleres do rural son propietarias, xestoras ou usuarias do noso patrimonio natural, do monte, o agro, o marisqueo... Un patrimonio que se deteriora vertixinosamente polo xeito actual no que consumimos os recursos.

As mulleres desempeñan un papel silencioso, mais esencial: levan a casa e educan ás crianzas, deciden sobre o consumo, traballan na horta ou na explotación, tamén fóra da casa e son maioría no asociacionismo rural.

Con todo, malia a súa múltiple intervención en tarefas clave, a muller rural sofre maiores barreiras no acceso ao traballo, maior precariedade laboral e falta de poder de decisión.

Hai quen ve unha orixe semellante na explotación do medio ambiente e a explotación da muller: ámbalas dúas situacións derivan dunha relación de dominio, no canto de respecto. Nun abuso, no canto dunha cooperación.

A experiencia amosa que moitas mulleres do rural entenden esa situación de inxustiza e se preocupan pola situación do ambiente. Interésalles a saúde, a independencia, a calidade de vida, o futuro da súa familia. Mais tamén queren medrar persoal e profesionalmente, e ser tidas en conta nas súas opinións.

A evolución das mulleres condicionarán a evolución do rural, e con el, a conservación do patrimonio natural. Quen sabe se serán elas as que impulsen unha nova cultura de respecto e cooperación que distribúa o traballo e a riqueza de xeito xusto coa muller e co medio ambiente?

O medio ambiente en Galicia: luces e sombras

Galicia é un territorio cun patrimonio natural privilexiado. Contamos con algúns dos ecosistemas máis produtivos do mundo, coma as rías. A terra e o clima son moi favorables á agricultura, á gandería e ao sector forestal. As nosas queridas paisaxes forman parte da nosa identidade e atraen a multitude de visitantes. Atopámonos no límite entre o mundo atlántico e o mediterráneo, e así contamos con grande variedade de ambientes.

E con todo, malia a importancia que estes recursos representan para o país, Galicia dilapida o seu patrimonio natural a un ritmo vertixinoso. En Galicia sucédense cada poucos anos catástrofes ambientais que nos sitúan nas primeiras páxinas dos xornais de todo o mundo. Mareas negras, incendios forestais, verquidos tóxicos...

Estes episodios súmanse a unha degradación ambiental xa "rutinaria", mais non por iso menos preocupante: a da especulación urbanística, a seca, a contaminación das augas, a acumulación de residuos, a marea de cemento no litoral, a destrución de espazos protexidos... e un longo etcétera.

O xeito actual de producir e de consumir é responsable da maior parte dos danos causados no medio ambiente en Galicia. Medio ambiente, emprego e economía teñen unha difícil relación amor-odio. Moitas veces preséntase o dilema: ¿conservamos o entorno e limitamos o "progreso"? ¿Ou explotamos os recursos e renunciámos a lugares emblemáticos?

Medio ambiente e economía non dialogan, non consiguen poñerse de acordo. E como adoita acontecer nestes casos, alguén sae prexudicado.

Mais, ¿será certo que temos que escoller? ¿Non é posible conciliar a conservación do noso entorno co desenvolvemento económico?

Existen alternativas que compaxinan a conservación do medio e o desenvolvemento dunha sociedade. Imos coñecelas.

A economía, o emprego e o medio ambiente

Actividade:

¿Cales das fotos que repartimos na clase dan unha idea de economía e emprego? ¿Cales nos dan unha idea de medio ambiente?

Ímolas agrupar en dous conxuntos:

1) Economía, emprego e 2) medio ambiente.



1. En Galicia, gran parte das actividades económicas (e dos postos de traballo) dependen directamente dos recursos naturais.

Pesca, marisqueo, agricultura, traballos forestais, turismo, etc. E non esquezamos a industria de transformación e comercialización deses produtos! Conserveiras, comercios, aserradeiros, etc. Se os recursos desaparecen ou son estragados, postos de traballo están en perigo. Lembremos a preocupación do sector pesqueiro durante o Prestige, ou a do sector agrario durante a crise das vacas tolas.

2. Descoidar o medio ambiente pode saír moi caro.

¿Canto diñeiro perdeu Galicia na marea negra? ¿Canto nas inundacións? ¿Canto custa solucionar problemas ambientais que nunca deberon producirse? Pensemos por exemplo nos incendios forestais: cada ano queimamos millóns de euros e perdemos a oportunidade de que o monte dea beneficios.

3. A sociedade cada vez valora máis os entornos coidados e iso potencia o emprego.

Exemplos: Espazos Naturais Protexidos, turismo rural, alimentación saudable, paisaxes coidadas, contacto coa natureza... Eses lugares e recursos ofrecen posibilidades de traballo e son mellor pagados para a hostalería ou o comercio. Eso si: se non temos coidado, podemos matar a galiña dos ovos de ouro... Debemos procurar un uso dos recursos duradeiro, sostible.

7



8



4. Algunhas actividades económicas deterioran o entorno e prexudican a outros postos de traballo.

Pensemos no verquido tóxico do río Umia e o perigo que representou para as bateas da Ría de Arousa. Pensemos como afectou a papeleira de ENCE ás mariscadoras ou a hostalería da Ría de Pontevedra. Algúns deterioros son irreversibles, por exemplo os motivados polas canteiras ou os encoros: o monte fica furado e o río taponado para sempre.

O obxectivo debe ser usar os recursos sen estragalos nin esgotalos, para poder utilizalos sempre sen que se acaben. Para iso están as profesións ambientais.

Non é posible independizar economía, emprego e medio ambiente. Inflúense unha a outra sempre, positiva ou negativamente.

O conflito entre emprego e medio ambiente a cotío non debería existir. Moitas veces trátase máis ben dun conflito de intereses: unha actividade que beneficia a parte da poboación, prexudica a outra porque non se puxo atención en evitar os danos no ambiente.

Foto 1: actividades marisqueiras. Autor: Ramsés Pérez

Foto 2: gandeiría, vaca caldelá. Autor: Ramsés Pérez

Foto 3: incendios forestais. Autor: Ramsés Pérez

Foto 4: marea negra do Prestige en Carnota. Fonte: Nunca Máis Carnota

Foto 5: Canóns do Sil. Autor: Ramsés Pérez

Foto 6: Serra do Courel. Autor: Ramsés Pérez

Foto 7: Verquido tóxico no río Umia, ano 2006. Autor: Ramsés Pérez

Foto 8: Papeleira de ENCE na ría de Pontevedra. Autor: Ramsés Pérez

Foto 9: Canteira a ceo aberto na Serra do Courel. Fonte: SOS Courel



A relación entre o medio ambiente e o emprego

¿Terá razón a xente que di que a protección do medio ambiente limita os postos de traballo?

¡Nós opinamos que non!

Empregos que dependen do medio ambiente e dos recursos naturais
Pesca, marisqueo, turismo, agricultura, gandería, xestión forestal, industrias da transformación, canles de comercialización... etc.

Empregos de todo tipo que tentan non deteriorar o ambiente: Boas prácticas
Exemplos: boas prácticas nas oficinas, nos hospitais, na carpintería, na agricultura,...

**Emprego
+
Medio Ambiente**

Profesións destinadas a conservar o medio ambiente
Novas profesións destinadas exclusivamente a protexer o medio ambiente: técnicas de medio ambiente, biólogas, avogadas ambientais, educadoras, inspectoras, ...

Deste xeito, o medio ambiente non resta postos de traballo senón que:

Conserva durante máis tempo os que xa existen, evitando, por exemplo:

- > que se esgoten os caladoiros.
- > que se empobrezan os solos por excesivo uso de fertilizantes e pesticidas.
- > que se degraden os nosos montes por mor dos incendios recorrentes.
- > que se infrutilicen terreos por non aproveitar ao máximo as súas posibilidades...

Compaxina unhas actividades económicas con outras, diminuindo, por exemplo:

- > a contaminación industrial que afecta a un banco de marisco.
- > ou a degradación dos cultivos da horta por proximidade dunha explotación mineira...

Aporta posibilidades de traballar en novas profesións, por exemplo:

- > na educación ambiental.
- > turismo rural.
- > nos espazos protexidos.

Mantén coidado o noso entorno, por exemplo:

- > a través da prevención de incendios ou a clausura de vertedoiros.
- > a recollida de plásticos agrícolas.
- > a restauración canteiras.
- > restauración de ríos con minicentrales en abandono.

Contribúe a fixar poboación no rural, contratando, por exemplo:

- > a xente do lugar como vixiantes de espazos protexidos.

Un caso práctico:

Se nos procuramos a formación necesaria e logo somos nós mesmas quen ideamos proxectos para xestionar o noso patrimonio, presentámonos como as mellores guías para a nosa comarca, e as mellores promotoras para a venda dos nosos produtos...

45 profesións para defender o medio ambiente

Actividade:

- ¿Que profesións coñecemos encamiñadas a conservar o medio ambiente?
- ¿Que se require para traballar nelas? ¿Que profesión nos gustaría para nós?
- ¿Por que? ¿Como é a facilidade de acceso da muller a elas?)

As profesións ambientais evitan, minimizan ou restauran danos sufridos no medio ambiente. A continuación, algúns exemplos. Hai moitos máis.

1. Xestión ambiental xeral

Que son? Que fan?	Técnicas Municipais de Medio Ambiente Medio Ambiente dende os concellos: residuos, augas, entorno natural, comunicación,...
Que son? Que fan?	Técnicas de Medio Ambiente na industria Residuos, auga, enerxía, emisións á atmósfera... nas fábricas.
Que son? Que fan?	Consultoras/Auditoras Estudian os efectos de obras (fábricas, autovías, espazos protexidos, etc.) no medio ambiente. Analizan que empresas son respetuosas co entorno e cales non.
Que son? Que fan?	Cooperantes Axudan á mellora do medio ambiente en lugares desfavorecidos, p.ex. países pobres.
Que son? Que fan?	Traballadoras de Asociacións e ONGs Reivindican a protección do medio ambiente a través de estudos, campañas, denuncias, etc. en institucións non gubernamentais. Informan á poboación e realizan campañas.
Que son? Que fan?	Inspectoras Controlan dende a Administración o cumprimento das normas medioambientais.

2. Educación e divulgación

Que son?	Educadoras Ambientais
Que fan?	Campañas, obradoiros, cursos para sensibilizar á poboación na defensa do medio.
Que son?	Intérpretes do Patrimonio (natural e cultural)
Que fan?	Explican a visitantes os valores naturais e culturais dunha zona.
Que son?	Guías da Natureza
Que fan?	Conducen aos visitantes en espazos naturais para explicarlles o seu valor e evitar danos.
Que son?	Xornalistas ambientais
Que fan?	Informan á poboación xeral en medios de comunicación.

3. Lexislación, delito ecolóxico

Que son?	Garda Civil - Servizo de Protección da Natureza SEPRONA
Que fan?	Investigan e persiguen o delito ecolóxico.
Que son?	Avogadas e Fiscais Ambientais
Que fan?	Defenden ou acusan en xuízos por delito ecolóxico nos tribunais.

4. Enerxía

Que son?	Instaladoras de enerxías renovables (solar, eólica, biomasa, hidráulica).
Que fan?	Instalación e reparación de plantas de obtención de enerxía.
Que son?	Enxeñeiras
Que fan?	Deseño e control de plantas de obtención de enerxía. Aforro enerxético.
Que son?	Arquitectas (bioclimáticas)
Que fan?	Edificacións eficientes coa enerxía.

5. Sector forestal

Que son?	Peoa forestal, Capataz forestal, Axentes forestais, Enxeñeiras forestais, Enxeñeiras de montes.
Que fan?	Xestión, mantemento e restauración do monte. Viveiros forestais. Caza. Incendios.
Que son?	Brigadas de extinción de incendios, Emisoristas, Conductoras, Vixiantas fixas/móviles, Enxeñeiras.
Que fan?	Protección e vixilancia contra incendios.
Que son?	Xardineiras (operarias, encargadas), Paisaxistas.
Que fan?	Coidado e mantemento de zonas verdes urbanas. Deseño de zonas verdes.

6. Xestión de residuos

Que son?	Recolledoras do lixo, Conductoras, Traballadoras de prantas de tratamento de residuos, Traballadoras de prantas de reciclaxe, Técnicas de prantas de tratamento de residuos.
Que fan?	Recollida, transporte, clasificación e reciclaxe dos residuos.
Que son?	Xestoras de residuos.
Que fan?	Deseño das plantas de tratamento. Empresas especialistas e autorizadas para xestionar tipos de residuos concretos.

7. Xestión das augas de uso público

Que son?	Operarias, Encargadas de planta de potabilización/depuración, Químicas, Enxeñeiras
Que fan?	Abastecemento, potabilización da traída de augas e depuración das augas residuais. Control das redes de saneamento. Calidade das augas. Aforro e reutilización.
Que son?	Técnicas de laboratorio, Farmacéuticas.
Que fan?	Análise da calidade en laboratorios.

8. Varios

Que son?	Vixiantas de espazos protexidos
Que fan?	Observan e informan do estado e as alteracións en espazos protexidos.
Que son?	Biólogas (espazos protexidos, caza, pesca, etc.)
Que fan?	Planos, estudos, normativa sobre a flora, a fauna e os espazos naturais.
Que son?	Restauradoras do medio natural
Que fan?	Actuacións para devolver aos espazos degradados unha certa naturalidade.
Que son?	Agricultoras e gandeiras ecolóxicas
Que fan?	Producción agrogandeira sen danar o entorno natural. Alimentos de calidade sen produtos químicos.
Que son?	Investigadoras (diferentes temas)
Que fan?	Traballo científico de estudo e innovación para protexer o medio ambiente.
Que son?	Administrativas
Que fan?	Burocracia, permisos, solicitudes, contabilidade de proxectos medioambientais.
Que son?	Comerciais
Que fan?	Venden produtos ou servizos medioambientais.


Máis información:

<http://www.educaweb.com/EducaNews/interface/asp/web/NoticiesMostrar.asp?NoticiaID=119&SeccioID=209>

Análise das profesións e a formación necesaria para traballar no sector medioambiental.


<http://www.ecoempleo.com/modules.php?name=Content&pa=showpage&pid=121>
Guía de ocupacións medioambientais.





Módulo 2

Cando as árbores
non deixan ver o
bosque.



O Monte en Galicia

A maior parte do territorio en Galicia é terreo forestal: case o 70%.

Malia as importantes funcións que o monte desempeña, gran parte del está abandonado: ou ben en parcelas moi pequenas que non son rendibles, ou ben en comunidades de montes pouco activas. Unha consecuencia deste abandono son os incendios forestais.

Actividade: ¿Que beneficios nos aporta o monte?

Ecolóxica

- > Regula a temperatura
- > Retén auga e evita a seca
- > Reduce o vento
- > Acolle flora e fauna
- > Fabrican osíxeno, captan gases "invernadoiro"
- > Fixan e fertilizan o chan

Social-Cultural

- > Son lugares de lecer
- > Deron lugar a tradicións, lendas e cultura
- > Favorecen o contacto das persoas coa natureza
- > Acollen restos arqueolóxicos e patrimonio cultural

Funcións do Monte

Económica

- > Dá produtos: madeira, castañas, caza...
- > Dá traballo
- > Evita perdas económicas (incendios, inundacións, erosión...)

O aproveitamento axeitado do monte trae importantes beneficios:

- > Aporta traballo e riqueza ao rural.
- > Fixa poboación.
- > Protéxenos de perigos coma os incendios, as inundacións ou a perda de chan fértil.-
- > Aumenta o valor ecolóxico e paisaxístico das zonas, para ter un medio ambiente rico e san, subministrando produtos e atraendo a máis visitantes.

Manter estas funcións do monte é unha fonte de postos de traballo que previsiblemente medrarán nos vindeiros anos, fundamentalmente en tres áreas:

1. Loita contra incendios.
2. Traballos forestais.
3. Aproveitamento dos recursos do monte.

Actualmente están xurdindo novas políticas e hai importantes novidades: Lei do Banco de Terras, Lei de Prevención de Incendios, as Unidades de Xestión Forestal, axudas, cursos, postos de traballo. Temos que estar informadas.



Medidas na loita contra os incendios forestais

Actividade: Xogo de rol. Na parroquia celébrase unha reunión veciñal para acordar medidas que protexan as aldeas dos incendios forestais. A ela asisten as veciñas propietarias forestais particulares, a comunidade de montes, agricultoras e gandeiras. Mais tamén representantes da Administración: A Xunta está presente a través da Consellaría de Medio Rural e tamén o Concello envía á Alcaldesa e a Concelleira responsable.

¿Que medidas se acordan? ¿Que solicitamos á Administración?

¿De que maneira podemos colaborar?

Actividade: A cotío tendemos a delegar na Administración traballos que non lle corresponden a ela. Teñamos en conta que o monte en Galicia é fundamentalmente privado. ¿De quen é a responsabilidade de asumir estas tarefas? ¿Onde hai oportunidades de traballo?

Medida: Prevención dos incendios

Responsables

¿Traballo?

Medida: Prevención dos incendios	Responsables	¿Traballo?
Desbroce da maleza das aldeas		
Silvicultura preventiva: plantacións, podas, rareos, etc. nas masas arbóreas		
Substituír as queimas por alternativas sen lume, p.ex. compostaxe		
Regular os usos de zonas queimadas		
Limitar o uso de explosivos		
Mantemento de cortalumes naturais		
Repoboacións con árbores menos combustibles		
Comunicación e acordos coa xente do sector forestal		
Fomento e ordenación do gando		
Protección dos bosques autóctonos		



Medida: Mellora da extinción de incendios Responsables

¿Traballo?

Traballo durante todo o ano en tarefas de prevención e mellora das masas		
Profesionalización e formación		
Mantemento de infraestruturas de extinción: puntos de auga, cortalumes, pistas, etc.		
Vixilancia disuasoria		
Máis medios nas zonas de máis risco		

Medida: Diminución da intencionalidade dos incendios Responsables

¿Traballo?

Estudio e investigación das causas		
Persecución e captura de incendiarios/as		
Condenas exemplares e publicidade		
Denuncia dos incendiarios		

Medida: Valorización do monte

Responsables

¿Traballo?

Emprego no sector forestal		
Diversificación de usos: madeira, gando, caza, cogumelos, mel, froiteiras, turismo...		
Ordenación do monte		
Incremento do valor engadido dos produtos		
Educación Ambiental		
Concentración parcelaria, unificación da propiedade		
Apoio ás comunidades de montes e ao asociacionismo forestal		



A produción do monte

Actividade: A produción forestal centrouse durante moitos anos no subministro de madeira de baixa calidade. Mais sabemos que o monte pode aportar moitos outros produtos. ¿Cales son estas materias primas que se poden obter do monte? ¿Como valorades a situación nos montes que vemos ao outro lado da nosa fiestra?

PRODUCTO	INICIATIVAS	DATOS	INFORMACIÓN
Madeira/Arboredo	Comunidade de Montes de Lesón (A Póvoa do Caramiñal)	Buscaron patrocinadores para repoboar unha finca próxima á Curota, empregando unha enorme variedade de especies.	
Froitos (castaña, landras, cereixas...)	Castañas do Courel (Lugo)	Recollen e cociñan froitos do bosque: castaña, cereixas, amoras e arandos, para despois comercializalos.	
Gando	Porco celta Fonsagrada (Lugo)	Sociedade que cría esta raza autóctona en perigo de extinción. A carne considérase de calidade e véndese por por internet.	www.porcoceltafonsagrada.com www.porcocelta.com
Turismo	Comunidade de Montes de Zobra (Lalín)	Zobra está a traballar no turismo rural e ten varias persoas contratadas como guías intérpretes. Actualmente, a súa casa de turismo rural está en construción.	
Mel, pole	Manuel Macía (Quiroga)	Produce mel e pole fresco e seco con garantías ecolóxicas e expórtao a Francia e Alemaña.	www.hifasdaterra.com
Cogumelos	Hifas da Terra (Pontevedra)	Hifas da Terra dedícase ao cultivo e venda de cogumelos e imparte cursos de formación para persoas interesadas. Tamén vende inóculos e árbores micorrizadas.	
Biomasa	Biomasa Forestal SL (Santa Comba)	Fabrica en Santa Comba pastillas de combustible prensado para caldeiras e chemineas.	
Prantas medicinais	Milhulloa (Palas de Rei)	Cooperativa de agricultura ecolóxica que cultiva e procesa plantas medicinais. Galardonada con varios premios por ser a única que completa todo o proceso en Galicia.	www.milhulloa.com
Usos recreativos	Lesón (A Póvoa do Caramiñal)	A Comunidade de Montes construiu un mirador e un restaurante no monte da Curota, que serve para financiar a Comunidade de Montes	



Traballo no sector forestal

1. Emprego público

Fundamentalmente na Xunta de Galicia, aínda que os concellos tamén poden constituir brigadas de traballos forestais. Convócanse periodicamente oposicións para as diferentes categorías profesionais: titulados e tituladas superiores, formación profesional etc.

Outra posibilidade é traballar nas campañas de incendios do verán, nas diversas categorías que se convocan: peoas, emisoristas, vixiantes, condutoras, técnicas (enxeñeiras) etc. Actualmente, estes postos de traballo se irán traspasando dende a Administración ata a empresa pública SEAGA.

2. Empresas

Existen multitude de empresas de traballos forestais que se encargan de rozar, repoboacións, viveiros, silvicultura etc. A nova Lei de Incendios, que obriga a manter limpo o contorno das aldeas, vai favorecer o impulso destas empresas.

Outras empresas e gabinetes dedícanse a elaborar planos e estudos, para os que habitualmente se requiren titulacións universitarias.

3. Autoemprego

Outra posibilidade consiste en crear o noso propio negocio (ver "Producción do monte" nos apuntamentos). Para iso están a convocarse multitude de axudas para iniciativas emprendedoras. A rendibilidade adoita ser maior no caso de agrupacións, sociedades ou cooperativas, mesmo nas comunidades de montes.

Formación

Un maior grao de formación incrementa as nosas posibilidades de atopar traballo ou impulsar a nosa iniciativa. Ademais do ensino regrado (Formación Profesional, Enxeñerías), existen outras entidades que ofertan cursos moi interesantes:

1. Sindicatos, organizacións agrarias e asociacións.
2. Consellería de Medio Rural.
3. Consellería de Traballo, cursos do Plan FIP.



Módulo 3

Sacarlle partido ao
noso patrimonio:
educación e
interpretación
ambiental





A educación ambiental

A Educación Ambiental tenta que a xente valore o medio ambiente e adquira hábitos saudables e respectuosos co entorno. A profesión require de habilidades pedagóxicas e coñecementos de medio ambiente, aínda que non se esixe unha titulación concreta.

Actividade: a profesión de educadora ambiental. Imos abrir as nosas mentes. ¿Que temas podemos tratar na Educación Ambiental? ¿Con que colectivos destinatarios? ¿Que formatos lles podemos dar ás actividades? ¿Cando e onde podemos realizalas? ¿Cantas posibilidades distantas coñecemos?

PREGUNTÁMONOS	CONSISTE EN...	MELLOR SE...
¿QUE?	Escoller un tema	O tema relacionase con algún problema ambiental que precisa de solución, p.ex. os incendios
¿PARA QUE?	Aclarar qué queremos conseguir	Canto máis claros teñamos os obxectivos, mellor poderemos organizar a actividade
¿CON QUEN?	Definir quen é o noso público	O mellor é escoller aquelas persoas fundamentais para resolver ese problema ambiental
¿COMO?	Escoller o método que imos empregar	Temos en conta quen son os participantes: ¿cales son os métodos que mellor funcionan?
¿CANDO?	¿En que momento?	¿Cal é o mellor momento para esa actividade? ¿Cal é o mellor momento para que poida participar o noso público?
¿ONDE?	¿En que lugar?	¿Que entorno facilita a actividade? ¿Pode ser que o entorno se deteriore coa nosa presenza?
¿CON QUE?	¿Que recursos ou medios podemos empregar?	¿Que precisamos para a actividade? ¿Como podemos financiarla? ¿Como podemos aforrar en recursos?



Actividade: ¡¡A imaxinación ao poder!!

Imos planificar dúas actividades de educación ambiental. Cada columna corresponde a unha actividade distinta. Enchede de cada volta unha cuadrícula de cada columna e pasádelle o papel á compañeira. Seguíde enchendo 2 cuadrículas co papel da compañeira que recibades.

ACTIVIDADE 1

ACTIVIDADE 2

¿Que tema? (cal é o asunto)		
¿Para que? (con que obxectivos)		
¿Como? (metodoloxía, tipo de actividade)		
¿Con quen? (grupo de participantes)		
¿Onde? (En que lugar)		
¿Cando? (en que momento)		
¿Con que? (que recursos)		

A interpretación do patrimonio

A interpretación do patrimonio busca **transmitir ideas** sobre o valor de algo (unha zona, un obxecto, unha cultura,...). Para que sexa efectiva e a xente capte a nosa idea, a interpretación debe ser:

1. AMENA. Normalmente o público asiste porque quere. Se se aburre, non vai estar presente.
2. SIGNIFICATIVA. Debe subministrar información interesante.
3. DOADA DE ENTENDER E DE LEMBRAR. ¿Canto tardamos en esquecernos do que nos contan moitos guías ou lemos en museos?
4. Dirixida á CONSERVACIÓN do patrimonio. Queremos captar a atención e a axuda do público para manter ese recurso en bo estado.

¿Onde facer interpretación?

As Intérpretes do Patrimonio traballan en:

Museos
Monumentos
Centros de
visitantes

Elaboración
de folletos
Deseño de paneis
Documentais

Itinerarios
Rutas de
sendeirismo



Actividade: técnicas de interpretación

Hoxe imos ser intérpretes do patrimonio. Imaxinemos que temos un grupo de dúas familias (o pai, a nai, as crianzas a avoa e a tía política) que veñen de Madrid a coñecer esta zona.

1. ¿De que lles imos falar? Escollede un tema.
2. Poñédelle un título: unha frase completa con suxeito, verbo etc. que resuma a mensaxe fundamental que queremos transmitir.
3. ¿Cales son as 3 ideas que queremos que leven a casa? Relacionádeas cos obxectos que trouxestes.
4. ¿De que maneira podemos divertir ao noso público?
5. ¿De que maneira podemos chamar a súa atención?
6. ¿Podemos utilizar todos os sentidos?
7. ¡Sexamos breves!

Actividade: Chequeo a un centro de interpretación

1. O centro está fácil de atopar **sí** **non**

2. O centro esperta a curiosidade e invita a entrar **sí** **non**

3. A estética da exposición é

Agradable

sí **non**

Innovadora

sí **non**

Ordenada

sí **non**

Escribide os vosos comentarios

.....

.....

.....

4. A información que se ofrece é

Interesante

sí **non**

Fácil de ler

sí **non**

Breve

sí **non**

Interactiva

sí **non**

Orixinal

sí **non**

Emocional

sí **non**

Escribide os vosos comentarios

.....

.....

.....

5. ¿O centro organiza actividades? **sí** **non**

6. ¿Hai unha persoa dispoñible para consultar dúbidas? **sí** **non**

7. ¿Hai un tema claro na exposición? **sí** **non**

8. ¿Cales son as ideas principais da exposición? (Escribide 3)

.....

.....

.....

9. ¿Temos ganas de voltar a ver a exposición? **sí** **non**

10. ¿A exposición renóvase periodicamente? **sí** **non**


11. ¿Que foi o que máis vos gustou?


.....

12. ¿Que foi o que menos vos gustou?

.....







Módulo 4
Unha agricultura
saudable









Actividade: A agricultura en Galicia e no mundo cambiou moito ao longo do último século. ¿Que facían as nosas avoas, que agora xa non se fai? ¿Que técnicas usamos agora na agricultura, que antes non se usaban?

Antes



Agora




O desenvolvemento da agricultura no último século trouxo importantes beneficios: a capacidade de producir máis en menos tempo e con menos esforzo, mellora no nivel de vida no rural, ampliación dos mercados...

Mais aparecen tamén efectos negativos:


- > Escándalos sanitarios coma o das vacas tolas, que obrigaron a sacrificar milleiros de reses e a endurecer a lexislación e os controis.
- > Excedentes agrícolas e aparición de restricións á produción, por exemplo a cota láctea.
- > Menor calidade dos alimentos.
- > Perda de biodiversidade, alto custe enerxético da produción agraria.
- > Contaminación das augas e dos alimentos, desaparición de especies, incendios forestais, salinización de solos...

Actividade: marcade no panel dunha paisaxe agrícola os impactos positivos e os efectos negativos da agricultura intensiva no medio ambiente.

Efectos positivos



Efectos negativos





Posibles impactos negativos da agricultura intensiva

1. Pesticidas

Son químicos que serven para combater pragas dos cultivos. Poden salvar a colleita do ataque dunha praga, pero tamén crean unha chea de problemas:

- > A contaminación da fábrica onde se producen: ¿que facer cos residuos?
- > O risco de accidentes coma o de Seveso, en Italia ou Bhopal, na India.
- > O verquidos durante o transporte, coma o Casón en Fisterra.
- > Afectan á nosa saúde cando traballamos con eles.
- > Os alimentos que comemos ou vendemos poden ter restos.

Efectos na saúde

- > Os restos dalgúns pesticidas están máis presentes nas mulleres.
- > O número de accidentes na agricultura é moi alto.
- > Os pesticidas penetran pola pel, a respiración e a ingestión.
- > As intoxicacións lentas veñen do mal uso cotián e acumúlanse co tempo: poden levar a asma, cancro, malformacións, malestar, alerxias...
- > As intoxicacións agudas provocan vómitos, cefaleas, abortos, convulsións, morte,

Efectos no ambiente

- > Desaparición de especies (ex. mortalidade das abellas).
- > Pragas resistentes (co conseguinte aumento da dose de biocidas).
- > Acumulación e persistenza no noso entorno.
- > Contaminación da auga.
- > Eliminan aos depredadores naturais das pragas.
- > Os herbicidas das cunetas chegan aos ríos.
- > A queima dos envases aumenta a perigosidade, debemos levarlos a agrotendas para a súa recollida.

¿Son realmente necesarios?





2. Aplicación de fertilizantes

Os distintos fertilizantes (nitramón, purín, esterco...) teñen diferente velocidade de liberación dos nutrientes e distinto risco de seren lavados pola chuva. Os fertilizantes químicos e o purín son fáciles de disolver cando chove e rematan aparecendo en ríos, pozos e manantiais. Os puríns producen ademais molestias por malos cheiros. Ás veces conteñen tamén medicamentos e hormonas para os animais.

Boas medidas:

- > Empregar no posible fertilizantes de orixe natural, coma o esterco ou o compost, acolchados e abonos verdes.
- > Na aplicación de purín ou químicos, compaxinar a época de máxima asimilación das prantas e de mínimo risco de choiva, evitando a rega posterior
- > Deixar unha franxa duns 10-30 m (segundo a finca) a ríos e acuíferos.
- > Emprego de filtros verdes (plantas), que diminúan o impacto dos agroquímicos.

3. Plásticos agrícolas

A dificultade de tratamento dos plásticos agrícolas consiste no seu gran volume e na dispersión da poboación. O abandono e a incineración dos plásticos presentan riscos para a saúde e o medio ambiente.

Existe un programa de recollida da Xunta en cooperación cos concellos. O Concello determina o lugar onde a xente levará cadanseus plásticos. Posteriormente os recolle unha empresa e lévaos para o seu tratamento.

4. Auga

Da auga interéanos tanto a súa cantidade como a súa calidade. A calidade pode verse alterada por contaminación de agroquímicos e puríns. O resultado son augas mortas ou con excesiva presenza de algas que consumen o osíxeno.

A auga comeza a ser un ben escaso, e este fenómeno acentuarase nos vindeiros anos polo cambio climático que aumenta a frecuencia de secas.

Boas medidas:

- > Aplicar agroquímicos nun momento no que se descarte a chuva.
- > Nunca regar despois. Se cómpre regar, facelo antes.
- > Non aplicar agroquímicos a menos de 8-10m de ríos e regatos.
- > Manter coidada a vexetación de ribeira.
- > Escoller para regar as horas máis frescas do día (mencer, solpor).
- > Escoller sistemas de rego que eviten as perdas de auga, p.ex. o goteo.
- > Reparar fugas e perdas innecesarias.
- > Denunciar verquidos de augas residuais e contaminadas aos ríos.
- > Escoller para o cultivo especies axeitadas ó noso solo e clima.

5. Redución da biodiversidade

A biodiversidade fai os ecosistemas máis ricos, máis estables e máis resistentes. A paisaxe galega en mosaico ofrece unha grande variedade de hábitats e formas de explotación: hortas, agras, prados, herbais, devesas, fragas, soutos, pomares, sebes e lindes. Isto traenos moitas vantaxes:

1. Pode mellorar a produción agrícola: efecto cortaventos, mel,..
2. Regula a escorrentía da auga no chan.
3. Controla a erosión dos solos.
4. Inmobiliza contaminantes.
5. Frea pragas e enfermidades.
6. Aumenta o valor paisaxístico, faunístico, cinexético.
7. Incrementa a polinización.

Boas medidas:

- > Respetar sebes nos lindeiros das fincas.
- > Alternar e diversificar cultivos.
- > Reducir o uso de fitosanitarios.
- > Utilizar variedades naturalizadas, e prestar atención á introducción de novas especies.
- > Respetar a ordenación do territorio.





A agricultura ecolóxica pretende producir alimentos de calidade a través de métodos de cultivo respectuosos co medio ambiente. A cotío relaciónase a agricultura ecolóxica coa agricultura tradicional, mais non é así: a agricultura ecolóxica aproveita os avances, a mecanización e os novos saberes, e non renuncia a perseguir un bo nivel de vida aos produtores e produtoras.

A agroecoloxía integra toda actividade labrega: gandeira, agrícola, forestal... que non é outra cousa que aplicar o vello lema de "non poñer todos os ovos na mesma cesta".

Principios básicos:

> Respetar os ciclos naturais dos cultivos, o cal favorece o equilibrio ecolóxico e a biodiversidade.

Facémolo a través das boas prácticas, como a rotación e asociación de cultivos, a conservación de sebes, gandería extensiva, utilización das variedades axeitadas para cada zona e cada momento do ano...

> Potenciar a fertilidade natural dos solos.

Facémolo reciclando os nutrientes mediante compost, esterco, abonos verdes, acolchados e enmendas.

> Non incorporar aos alimentos sustancias perigosas para a saúde e o medio ambiente.

Facémolo renunciando a agroquímicos e buscando alternativas naturais como combinacións de cultivos, prantas trampa, sebes, policultivos...

> Aportar aos animais unhas condicións de vida dignas, mellorando tamén a calidade do produto final.


Facémolo respetando as unhas boas condicións para o animal, potenciando as razas autóctonas, con explotacións en extensivo.


> Traballar a nivel local, para favorecer o desenvolvemento económico da comarca e reducir os impactos derivados do transporte.

Facémolo buscando provedores e man de obra na comarca, creando circuitos curtos de comercialización, potenciando o consumo responsable...



Traballo na agricultura e gandería ecolóxicas





Módulo 5
Poñémonos en
marcha
Navegando na
Internet





Poñémonos en marcha

Tanto a busca de emprego, coma o noso progreso como mulleres e mesmo a defensa do entorno requiren de nós unha actitude activa.

- > requiren que nos manteñamos actualizadas
- > requiren que tomemos decisións e busquemos solucións.

Xuntarnos con outras persoas que teñen necesidades e intereses semellantes facilita moito o labor:

- > Pois nos permite discutir sobre temas importantes, compartir experiencias e consellos.
- > Nos aporta máis forza á hora de solicitar cambios.
- > Nos permite organizarnos e sacar proxectos adiante.

Nas clases do itinerario faise unha referencia constante á necesidade de cooperación entre a veciñanza, tanto para a resolución de problemas comúns coma para aproveitar as oportunidades que o seu entorno ofrece.

Abundan os exemplos de cooperativas e asociacións que están á levar iniciativas exitosas baseadas na colaboración e a unión de esforzos.

O último día, a clase consiste en amosar as posibilidades que o uso da internet lles ofrece ás participantes para manterse actualizadas:

- > Formación, cursos,...
- > Convocatorias, axudas e eventos.
- > Enderezos de contacto.
- > Asociacións.
- > Bibliografía e información complementaria.

A experiencia amosa que é unha das sesións mellor valoradas polas mulleres, por subministrarlles moita información do seu interese.

A continuación unha escolma das páxinas web visitadas.



Navegando na Internet

1. Grupos ecoloxistas

www.adega.info: Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza

www.federacionecoloxista.org: Federación dos grupos ecoloxistas de Galicia e ligazóns a moitos deles.

www.amigosdaterra.net: web do grupo ecoloxista Amigos da Terra.

www.verdegaia.org: web do grupo ecoloxista galego Verdegaia.

2. Muller, igualdade de oportunidades e conciliación

<http://sgi.xunta.es/>: páxina do Servizo Galego de Igualdade da Xunta de Galicia , con programas específicos de apoio á muller no traballo, contra a violencia de xénero, formación, etc.

<http://www.igualdadegaliza.org>: páxina da Secretaría Xeral da Igualdade con abundantes convocatorias sobre a violencia de xénero. Inclúe o programa Tempos de Mulleres para Asociacións de Mulleres Rurais.

3. Medio Ambiente e Emprego

www.ecoempleo.com: información xeral sobre medio ambiente, traballo e formación. Inclúe numerosas ligazóns e unha bolsa de traballo na que podemos rexistrarnos.

www.cienciasambientales.com: páxina con moitísima información e ofertas de traballo actualizadas, aínda que a maioría fóra de Galicia. Moi interesante, información moi completa sobre cursos e eventos, voluntariado en parques nacionais, etc.

4. Forestal e Desenvolvemento Rural

http://mediorural.xunta.es/investigacion/f_agroforestal/index.php?loc#tabs: páxina de medio rural cos cursos que se imparten. Inclúe un buscador por concellos.

<http://mediorural.xunta.es/axudas/index.php>: programas dinamizadores da Consellería de Medio Rural.

<http://agader.xunta.es/c3Ayudas.jsp?idioma=g>: listaxe de subvencións dos máis distintos eidos.



5. Educación e Interpretación Ambiental

www.ceida.org: centro de referencia en Educación Ambiental en Galicia. Organizan cursos moi interesantes sobre Interpretación do Patrimonio, Ecoturismo, Espazos Protexidos e outros moitos temas.

<http://www.sgea.org>: páxina da Sociedade Galega de Educación Ambiental, trae información sobre eventos, documentos de apoio a actividades e contactos con empresas galegas de educación ambiental.

<http://www.proxectorios.org>: Programa de ADEGA de voluntariado ambiental en defensa dos ríos.

<http://www.interpretaciondelpatrimonio.com>: Asociación de Intérpretes, moita información sobre as técnicas e principios da Educación Ambiental.

<http://www.mardelira.net>: Web da Confraría de Lira (Carnota) sobre o seu programa de turismo mariñeiro e educación ambiental.

http://www.mma.es/portal/secciones/formacion_educacion: páxina do Centro Nacional de Educación Ambiental do Ministerio de Medio Ambiente. Moitos cursos de grande interese.

http://www.mma.es/portal/secciones/formacion_educacion/boletin_ceneam/vida_cotidiana.htm: consellos e trucos para ser máis ecolóxicas na nosa vida cotiá: os electrodomésticos, o inodoro, o coche, etc.

<http://lodoseloresiste.iespana.es/>: Centro de día en Ourense que ofrece coa súa xestión un exemplo de prácticas sostibles no rural de cara a evitar o despoboamento.

6. Agricultura ecolóxica

<http://www.craega.com>: web do Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica de Galicia.

<http://mediorural.xunta.es/axudas/index.php?axud=2>: Axudas de Medio Rural para unha agricultura respetuosa co Medio Ambiente.

Portais de información xeral sobre a agricultura ecolóxica:

<http://www.agroecologia.net/>

<http://www.viarural.org/>

http://www.infoagro.com/agricultura_ecologica/agricultura_ecologica12.asp

Foros de intercambio: técnicas na agricultura ecolóxica, sementes, envasados...:

<http://www.inforganic.com/>

Buscadores/directorios:

<http://www.terra.org/html/s/servicios/index.php>

<http://www.aldearural.com/>

Empresas:

<http://www.hifasdaterra.com>: empresa de produción, venda e cultivo de cogumelos. Ofrecen interesantes cursos de formación.

<http://www.milhulloya.com>: web da cooperativa ecolóxica Milhulloya, de plantas medicinais. Pódense mercar os seus produtos na internet.

Feiras:

<http://www.terractiva.org>: feira de produtos ecolóxicos con moita información.

7. Iniciativas emprendedoras e autoemprego

<http://www.xunta.es/auto/sgj/emprende/index2.htm>: Guía de emprendedoras do Servizo Galego de Igualdade.

<http://www.xunta.es/auto/sgj/document/guiacoop.pdf>: Guía de Cooperativismo do SGI.



Esta publicación non tería sido posible sen a participación de todas e todos vós. ADEGA quere expresar o seu agradecemento ás mulleres que asistiron aos itinerarios formativos, polo seu interese e entusiasmo. Tamén ao Servizo Galego de Igualdade, polo seu apoio e impulso ao traballo da muller no medio ambiente. A Nunca Máis Carnota e SOS Courel, pola súa grande implicación na defensa do entorno e a cesión da súa documentación. E ás compañeiras e amigos que prestaron o seu tempo e imaxinación para enriquecer estes materiais: Curra, Patricia, Fins, Viqui, Ramsés, Xaime e Branca.

